



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



exp. 2023/G010/000009

ACTA Nº 9/2023

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- CASA DO CONCELLO, MÉRCORES 28 DE XUÑO DE 2023 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

Preside: Alberto Rey Paz

Asisten:: Brais Prieto Verdial, Rocio Martinez Martinez, Maria Dolores Pita Anca, Julian Blanco Rodriguez, Maria Amalia Diaz Rodriguez, Dario Santalla López, Jose Manuel Luaces Piñon e Diego Graña Pérez

Ausencias: Ningunha

Secretaria – interventora: Paula Diaz Tie

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

1.-Aprobación da acta do pleno reunido o día 17/06/2023.Os membros do pleno asistente aprobaron por unanimidade dos presentes a acta anterior

2.- Sorteo para designar os membros das mesas electorais das vindeiras eleccións xerais do día 23/07/23.Realízase o sorteo pola aplicación informática facilitada pola Deputación Provincial da Coruña e resultan como membros de mesas electorais os seguintes :

Distrito Primeiro - Sección Primeira - Mesa A. Casa da Cultura

Titulares

Presidenta: D. Garpar Fernandez Cernadas

1º Vogal: D. Javier Rodriguez Alvares

2º Vogal: Dª. Sara Mercedes Pico Marin

Suplentes

1º de Presidenta: Dª. Gladys Garcia Schulze

2º de Presidenta: D. Jaime Elias Fernandez Sanjurjo

1º de 1º Vogal: D. Daniel Pantin Fernandez

2º de 1º Vogal: D Oscar Javier Diaz Fernandez

1º de 2º Vogal: D. Maria del Carmen Oliveira De Rios

2º de 2º Vogal: Dª. Silvia Santalla Perez



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira

15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



exp. 2023/G010/000009

Distrito Primeiro - Sección Primeira - Mesa B .Area Recreativa O castro

Titulares

Presidente/ D. Rey Vilela, Alberto

1º Vogal: D^a.Maria Angeles Guiza Llorente

2º Vogal: D Luis Hermida Carrodegus

Suplentes

1º de Presidente: D. Alicia Rey Vilela

2º de Presidente: D. Karen Perez Pita

1º de 1º Vogal: D.Maria Monica Muiño Veiga

2º de 1º Vogal: D^aMaria Monsterrat Aneiros Martinez

1º de 2º Vogal: D^a. Maria Carmen Hermida Diaz

2º de 2º Vogal: D^a. Katia Gomez Lozano

3.- Creación da comisión de contas Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte:Ante a obrigatoriedade de creación da Comisión especial de contas e considerando as comisións de estudo, informe e consulta como órganos complementarios da organización municipal e de creación potestativa para os concellos de menos de cinco mil habitantes, e atendendo o disposto nos artigos 119 e seguintes do Regulamento de Organización e Réxime Xurídico das Entidades locais e os artigos 59,68 e 212 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte Acordo Primeiro: Crear a Comisión Especial de Contas, o número dos seus membros será proporcional á representatividade no concello polo que a comisión estará composta por un número de tres membros correspondéndolle dous compoñentes o grupo municipal do PP, e un membros ó PSOE A sesión ordinaria da comisión terá carácter anual e reunirse os dez últimos días do mes de abril, para o exame, o estudo e o informe da conta xeral do concello. Os **membros do pleno asistentes aprobaron por unanimidade dos presentes a proposta anterior**

4.-Designación dos representantes municipais en órganos colexiados .Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte:Logo da sesión de constitución do pleno do concello o pasado día dezasete de xuño de 2023 cómpre nomear os representantes do concello nos órganos colexiados do que sexa competente o pleno do concello, por todo isto esta alcaldía propón a adopción do presente ACORDO: **Primeiro:** Nomear como representante do concello no Consello Escolar do CEIP A Barqueira a Amalia Diaz Rodriguez suplente Alberto Rey Paz .Segundo: Comunicar á dirección do CEIP A Barqueira a adopción deste acordo. **Os membros do pleno asistentes aprobaron por unanimidade dos presentes a proposta anterior**



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



exp. 2023/G010/000009

5.Periodicidade dos plenos. Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte :ante a necesidade de establecer a periodicidade das sesións ordinarias do pleno, en cumprimento do disposto no artigo 38 e 78 do regulamento de organización,funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e o artigo 210 da lei 5/1997 de administración local de Galicia, esta alcaldía propón a adopción do seguinte acordo: Primeiro: establecer con carácter bimensual a periodicidade das sesións ordinarias do pleno do concello, sesións que se realizarán nos últimos quince días de cada mes par, agás no mes de decembro que se celebrará nos últimos vinte días do referido mes, polo que se celebraran plenos ordinarios os meses de febreiro, abril, xuño, agosto, outubro e decembro. **Os membros do pleno asistentes aprobaron por unanimidade dos presentes a proposta anterior**

6.Dedicación exclusiva do alcalde. Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte : Dada a necesaria presenza da alcaldía para atender as responsabilidades e tarefas propias do cargo e atendendo o disposto no artigo 75, 75 bis e 75 ter da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local , e o artigo 13 do Real Decreto 1372/1986 de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais esta alcaldía propón ó pleno do concello a seguinte proposta:**Primeiro:** A retribución por dedicación exclusiva do cargo da alcaldía ascenderán a un total de 2846,68 € brutos mensual . Haberá dúas pagas extraordinarias , unha no mes de xuño e outra no mes de decembro polo importe dunha mensualidade que se devengaran de acordo coa normativa dos empregados públicos .Estas retribucións terán o seu incremento anual no mesmo porcentaxe que corresponda ós funcionarios deste Concello. **Segundo:** As retribucións percibidas serán incompatibles con calquera retribución con cargo ós presupostos das Administracións públicas e excluirá a percepción que se sinale para os membros da corporación por asistencia ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte. **Os membros do pleno asistentes aprobaron por maioría dos presentes a proposta anterior.** Cinco votos a favor da proposta dos concelleiros Maria Amalia Diaz Rodriguez, Dario Santalla López, Jose Manuel Luaces Piñon e Diego Graña Pérez e o voto do Sr. Alcalde e catro abstencións dos concelleiros Brais Prieto Verdial, Rocio Martinez Martinez, Maria Dolores Pita Anca e Julian Blanco Rodriguez.

O concelleiro Brais Prieto Verdial pregunta si son as mesmas retribucións que tiña Benigno o alcalde resposta que son as mesmas incrementadas negus a lei de presupostos de cada ano.

7.-Corrección de erros na plantilla de persoal do ano 2023.Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte :Advertidos dun erro na confección do cadro de persoal publicada no BOP Núm. 104 do 02/06/2023 por parte da Deputación Provincial no informe remitido o dia 20/06/23 ao

**Concello de Cerdido**

As Felgasas, s/n, A Barqueira

15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00www.cerdido.org correo@cerdido.es

exp. 2023/G010/000009

concello , consistente en que a praza de administrativo aparece como cuberta e a praza de animadora -sociocultural aparece como vacante sen que se acomode a realidade existente no concello. E constatada a realidade existente do cadro de persoal no que a praza de administrativo nivel 22 esta vacante dende o ano 2021 por xubilación do titular e a praza de animadora -sociocultural esta ocupada. E considerando o disposto no artigo 109 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común, esta Alcaldía propón ao pleno a aprobación do seguinte acordo :**Primeiro:** Corrixir o erro recollido no acordo de aprobación do presuposto municipal asi como a súa publicación no BOP do dia 02/06/2023, procedendo a enmendarlo quedando a plantilla de persoal do Concello de Cerdido do ano o2023 do seguinte xeito :

A.- Funcionarios de carreira

Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Situación	Nivel
Funcionario de Administración local con Habilitación de carácter estatal					
Secretaria - Intervención	A1	Secretaria – Intervención		Cuberta	28
Escala de administración xeral:					
Administrativo	C1	Administración xeral	Administrativa	Vacante	22
Administrativo	C1	Administración xeral	Administrativa	Cuberta	20
Escala de administración especial					
Traballador social - coordinador sociocultural	A2	Administración especial	Técnica	Cuberta	24
Arquitecto técnico	A2	Administración especial	Técnica	Vacante xornada parcial 20%	24

B.- Persoal laboral

Denominación	Nº prazas	Situación	Observacións
Conductor maquinaria	1	Vacante	
Oficial Servizos varios	1	Cuberta	
Servizos varios	1	Cuberta	
Auxiliar de axuda a domicilio	6	Vacantes	Persoal contratado ao abeiro dun Convenio coa Deputación a Subvención da Xunta de Galicia
Animador - sociocultural	1	Cuberta	Persoal contratado cunha subvención da Deputación



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



exp. 2023/G010/000009

Os membros do pleno asistentes aprobaron por unanimidade dos presentes a proposta anterior

8. Dar conta do nomeamento de tenentes alcaldes e concellerías delegadas, deuse conta do Decreto da Alcaldía num. De data 21/06/2023 que se copia deseguido: Antecedentes administrativo. Pleno do día 17.06.2023, de Constitución da nova corporación elixida tras as eleccións municipais do día 28 de maio de 2023. **Lexislación aplicable.** Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, artigos 21.2. Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, (RXOFEL). **RESOLVO. Primeiro.** Designar como Tenentes de Alcaldes do Concello de Cerdido aos seguintes Concelleiros: 1º Tenente -alcaldesa Maria Amalia Díaz Rodríguez. 2º Tenente -alcalde Dario Santalla López. Aos tenentes de alcalde nomeados, logo de aceptación do seu cargo, correspóndelles en canto a tales, substituír o alcalde na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite este para o exercicio dos seus atribucións. **Segundo.** Establecer as seguintes delegacións xenéricas refiríranse a unha ou varias áreas ou materias determinadas, e poderán abarcar tanto a facultade de dirixir os servizos correspondentes como a de xestionalos en xeral, sen incluír facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Maria Amalia Díaz Rodríguez como concelleira de educación e cultura. Dario Santalla López como concelleiro de servizos sociais, benestar e igualdade. **Terceiro.** Establecer como delegacións específicas relativas a un determinado servizo. Esta delegación comprenderá a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, pero non poderá incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Diego Graña Pérez como concelleiro de deportes e xuventude. Jose Manuel Luaces Piñon concelleiro de obras, servizos e medio ambiente. **Terceiro.** Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a Resolución de nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación neste, igualmente publicar a Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da firma da resolución polo Alcalde. Cuarto. Dar conta ao Pleno do Concello desta resolución na primeira sesión que celebre.

9.- Dar conta da constitución dos grupos políticos municipais. Deuse conta dos escritos presentados polo Partido Popular e polo PSOE no que se establece a seguinte composición dos grupos políticos municipais.

- Grupo municipal do Partido Popular composto polo seguintes concelleiros :

D. Alberto Rey Paz,

Dª. Maria Amalia Diaz Rodriguez,



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira

15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



exp. 2023/G010/000009

D. Dario Santalla López,
D. Jose Manuel Luaces Piñon
D. Diego Graña Pérez

- Grupo municipal do Partido Socialista composto polo seguintes concelleiros:

D.. Brais Prieto Verdial, como voceiro
D^a. Rocio Martinez Martinez como voceira suplente
D^a. Maria Dolores Pita Anca
D. Julian Blanco Rodriguez

Ás 20:20 horas do dia vinte e oito de xuño de 2023 e non hai máis asuntos que tratar, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Concello de Cerdido, asinado pola secretaria, Paula Díaz Tie e o alcalde, Alberto Rey Paz